



LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Baltar Feijóo
 D. Enrique Barreiro Alonso
 D^a .Carmen Cabeza Pereiro
 D. José Cidrás Pidre
 D^a Patricia Corbacho Suso
 D. Xosé Enrique Costas González
 D. Guillermo De Oca Cancela
 D. Javier De Vicente Remesal
 D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Luís Domínguez Castro
 D. José Durany Castrillo
 D^a Margarita Estévez Toranzo
 D. Juan Francisco Gálvez Gálvez
 D. Francisco Javier García Paz
 D^a Ana Garriga Domínguez
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Jorge Juan Gómez Gude
 D^a. Ana Isabel Gueimonde Canto
 D^a Hilda Iglesias Galán
 D^a M^a Teresa Iglesias Rاندulfe
 D. José L. Legido Soto
 D. Daniel Marti Pellón
 D^a María Martínez Rodríguez
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Sergio Pajares Domínguez
 D. Antonio Pena Giménez
 D. Alberto Pena Rodríguez
 D. Manuel Ramos Cabrer
 D. Daniel Rey García
 D. J. Óscar Rubiños López
 D. Patricio A. Sánchez Bello
 D. Angel Sánchez Bermúdez
 D. Juan Suárez Creo
 D. Juan Surís Regueiro
 D. José E. Tojo Suárez
 D. Francisco Tugores Martorell
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
 D. Ezequiel M. Vázquez López
 D. Amador Vázquez Vázquez
 D^a M^a Teresa del Rosario Vidal Gallego
 D. Augusto Viso Alonso

Desculpan asistencia:

D. Manuel Gutiérrez Nieto
 D^a Ana M^a Pita Grandal

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de dezasete de setembro de dous mil dous, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O martes, día 17 de setembro de 2002, ás 10:10 horas , comezou a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da Xunta de Goberno 26-6-02 e do Consello de Goberno 27-7-02.
2. Informe do Rector.
3. Asuntos de profesorado: Renovación visitantes, permisos, cambios de área e solicitude de comisión de servicios.
4. Aprobación, se procede, do inicio do expediente de creación da Facultade de Ciencias do Mar e da Facultade de Química.
5. Aprobación, se procede, do I Curso de especialista en Fisioterapia Termal e Balnoterapia, I Curso de experto no desenvolvemento de Aplicacións intelixentes en Internet, II Curso de especialista en Auditoría e Contabilidade, II Master en Dirección de Comunicación e Protocolo, II Master en Auditoría e Contabilidade, VI Master en Organización e Dirección Turística e IV Curso de especialista en Organización e Dirección Turística.
6. Emisión do informe sobre a adscrición da Escola de Turismo Welton S.L. á Universidade de Vigo.
7. Modificación puntual da RPT de persoal funcionario.
8. Toma de acordo sobre os seguintes recursos :
 - Recurso de alzada presentado por Dna. M^a Mercedes Álvarez Lires contra resolución do Consello de Departamento de Enxeñería Química.
 - Recursos de alzada presentados por D. Antonio Pedro Cid González e Dna. María Sanjuan Roca e solicitude de anulación de D. Luís Fernández Eire, sobre acordos do Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación
 - Recursos presentados por D. Antonio Maceira Gago e D. Leonardo Fuentes Blanco contra acordos do Consello de Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación.

9. Aprobación, se procede, do Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidade Pedagóxica e Tecnolóxica de Colombia.

10. Realización das seguintes eleccións:

- Elección das Comisións delegadas estables do Consello de Goberno
- Elección de membros do Consello Social
- Elección da Comisión de Reclamacións

11. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da Xunta de Goberno 26-6-02 e do Consello de Goberno 27-7-02.

Apróbanse por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

Neste punto o Rector informa:

-Da apertura de curso conxunta das tres Universidades que este ano lle corresponde a Universidade de Vigo e que terá lugar o día 24 de setembro no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e invita a tódolos membros do Consello de Goberno a asistir.

-Da publicación do Decreto de Habilitación do Profesorado e do Decreto de contratación do profesorado da comunidade galega.

-Que dende xuño non se volveu a tocar o tema das titulacións co Conselleiro.

-Do nomeamento de Don Xavier Martínez Cobas como Director da Área de Emprego e de Don Fernando Vázquez Nuñez como Director da Oficina de I+D en substitución de Don Xoán Leiceaga Baltar.

-Da confirmación de Don Xosé Antón Palacio Sánchez como Director do Servizo de Publicacións, de Don Ángel Rodríguez de Lera como Director do CACTI, de Don Ignacio Munilla Rumbao como Director da OMA e de Don Anselmo Seoane Pampín Montenegro como Director da ORI.

-Da súa pertenza a nova comisión permanente da Conferencia de Rectores, elixida na derradeira xuntanza.

-Por último informa que hai unha solicitude sobre toponimia presentada polo profesor Costas e que deberá ir a un próximo Consello de Goberno, e da lectura a unha solicitude asinada por varios membros do Consello de Goberno para que o Salón de Actos e Sala de espectáculos situado no edificio novo de Cidade Universitaria se lle outorgue a denominación oficial de “Salón Roberto Vidal Bodaño” ou mellor aínda “Teatro Roberto Vidal Bodaño” (Anexo I).

Punto 3. Asuntos de profesorado: Renovación visitantes, permisos, cambios de área e solicitude de comisión de servicios.

- Renovación visitantes-

Apróbanse por asentimento as seguintes:

C01 Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde

A-413 Fisioterapia

Novoa Castro, Borja dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de ASO T3P6

C02 Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo

A-063 Botánica

Díaz Losada, Emilia dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

A-240 Edafoloxía e Química Agrícola

López Periago, José Eugenio dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

Arias Estévez, Manuel dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

C03 Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía

A-060 Bioquímica e Bioloxía Molecular

Pérez Guerra, Nelson dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN (12 créditos).

A-566 Inmunoloxía

Muñoz Martínez, Saturnino dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN (15 créditos).

C05 Estatística e Investigación Operativa

A-265 Estatística e Investigación Operativa

Roca Pardiñas, Javier dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de TIT-EU

Lorenzo Picado, Leticia dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de PP1

Pardo Fernández, Juan Carlos dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de PP1

Jácome Pumar, M^a Amalia dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de PP1

Gómez Rúa, María dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de PP1

C07 Química Analítica e Alimentaria

A-640 Nutrición e Bromatoloxía

Pérez Lamela, María Concepción dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

García Falcón, Mercedes Sonia dende o 1/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

A-750 Química Analítica

Leao Martins, José Manuel dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN a TP (9 créditos).

C10 Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio

A-280 Estratigrafía

Alcántara Carrió, Javier dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de ASO T3P3.

H03 Filoloxía Galega e Latina

A-370 Filoloxías Galega e Portuguesa

Pais de Jesús Ramos, Elisabete dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

Acuña Trabazo, Ana dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de ASO T3P3.

Pérez Sardiña, Xosé Manuel dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de ASO T3P6.

H12 Traducción e Lingüística

A-814 Traducción e Interpretación

Baxter, Robert Neal dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de PP1.

T03 Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos

A-545 Enxeñería Mecánica

Casqueiro Placer, Carlos dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de PP1.

T04 Enxeñería Química

A-780 Tecnoloxía dos Alimentos

Sidonia Martínez Suárez, do 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de TIT-EU.

Bernardo Prieto Gutierrez, do 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de TIT-UN.

T06 Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente

A-710 Prospección e Investigación Mineira

Caparrini Marín, Natalia dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

T08 Física Aplicada

A-385 Física Aplicada

González Salgado, Diego dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de ASO T3P4.

Domarco Álvarez, Gerardo dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

A-395 Física da Materia Condensada

De Castro Rodríguez, M^a Teresa dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

A-398 Física da Terra

Torres López, Silvia dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

Souto Torres, Carlos dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

De la Torre Ramos, Laura dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de ASO T3P3.

A-405 Física Teórica

Tommasini, Daniele dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de TIT-UN.

T11 Tecnoloxía Electrónica

A-785 Tecnoloxía Electrónica

Valdés Peña, M^aDolores dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

T13 Enxeñería Telemática

A-560 Enxeñería Telemática

García Palomares, Ubaldo dende o 01/02/03 ata o 31/07/03, coa categoría de TIT-UN (2º cuatrimestre)

T15 Informática

A-570 Linguaxes e Sistemas Informáticos

Olivieri, David dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

Formella, Arno dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de TIT-UN.

Rodríguez Martínez, Francisco Javier dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de PP1.

Fajardo Toro, Carlos Hernán dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de PP1.

X03 Dereito Público

A-135 Dereito Constitucional

Pérez Sánchez, M^aCristina dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

X06 Economía Aplicada

A-225 Economía Aplicada

Vázquez Rodríguez, María José dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-UN.

Caride Estévez, María José dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de PP1.

Molina Abraldes, Antonio dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de PP1.

Pintos Clapes, Juan dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de PP1.

Murillas Maza, Arantxa dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de TIT-UN.

X08 Fundamentos da Análise Económica e H^a e Institucións Económicas

A-415 Fundamentos de Análise Económica

Lores Insua, Francisco Javier dende o 01/10/02 ata o 30/09/03 coa categoría de PP1.

De Carlos Villamarín, Pablo dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de PP1.

X09 Organización de Empresas e Marketing

A-095 Comercialización e Investigación de Mercados

Cabanelas Lorenzo, Pablo dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

Alén González, María Elisa dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de PP1.

Lorenzo Díaz, María Montserrat dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de PP1.

A-650 Organización de Empresas

Arévalo Tomé, Raquel dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

Del Río Rama, María de la Cruz dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

González Vázquez, Beatriz dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de PP1.

Comesaña Benavides, Fernando dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

Álvarez Llorente, Gema dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

Caballero Fernández, de TIT-EU.

Caballero Fernández, 0/09/03, coa categoría de TIT-EU.

X10 Psicoloxía Evolutiva e Comunicación

A-735 Psicoloxía Evolutiva e da Educación

Dosil Díaz, Joaquín dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

X11 Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía

A-383 Filosofía Moral

Álvarez García, David dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU.

X12 Dereito Público Especial

A-150 Dereito Financeiro e Tributario

Siota Álvarez, Mónica dende o 01/10/02 ata o 30/09/03, coa categoría de TIT-EU

- Permisos-

Apróbase por asentimento a concesión dos seguintes permisos:

C04 Ecoloxía e Bioloxía Animal

A-220 Ecoloxía

José Ángel Andrés Abad do 01/09/2002 ata o 01/01/2003 (4 meses).

T14 Teoría do Sinal e Comunicación

A-800 Teoría do Sinal e Comunicacións

María Victoria Abreu Sernández, do 01/09/2002 ata o 15/12/2002 (3 meses e 15 días).

X11 Socioloxía, Ciencia Política e da Admón. e Filosofía

A-383 Filosofía Moral

David Álvarez García, do 01/10/2002 ata o 01/01/2003 (3 meses).

- Cambios de área -

Apróbanse por asentimento os seguintes cambios de área:

- Alfonso Gutiérrez Santiago da área 187 (Didáctica da Expresión Corporal) á área 245 (Educación Física e Deportiva)
- Ana Isabel Rey Cao da área 245 (Educación Física e Deportiva) á área 187 (Didáctica da Expresión Corporal)
- Félix Blanco González da área 675 (Xornalismo) á área 105 (Comunicación Audiovisual e Publicidade).
- Jorge Domínguez Martín da área 045 (Bioloxía Animal) á área 819 (Zooloxía)

- Solicitud de comisión de servicios:

Apróbase por asentimento a concesión da comisión de servicios a Don José M^a da Rocha Álvarez para o curso 2002/2003 na Universidade Carlos III de Madrid.

A continuación a Secretaria Xeral deu lectura a un escrito do Profesor Rocha dirixido ós membros do Consello de Goberno e que se recolle no Anexo II.

O Rector pide que conste en acta o agradecemento ó profesor José M^a da Rocha polo seu traballo a prol da Universidade.

Punto 4. Aprobación, se procede, do inicio do expediente de creación da Facultade de Ciencias do Mar e da Facultade de Química.

O Rector informa que neste punto o que se propón e iniciar o expediente de creación das Facultades de Ciencias do Mar e de Química o que implica en primeiro lugar poñer a disposición da comunidade universitaria as Memorias de creación de ambas Facultades durante un mes, si hai algunha alegación volvería a este Consello de Goberno para a continuación enviarla ó Consello Social.

O profesor Tojo di que entende que se mantén o nome de Facultade de Ciencias coa titulación de Bioloxía e pregunta porqué no se fixo xa a proposta de cambio de nome polo de Facultade de Bioloxía.

O profesor Reigosa di que non hai proposta pola Xunta de Titulación de Bioloxía porque non se acadou o quorum.

O Rector indícalle o Decano da Facultade de Ciencias que no momento e que este punto se volva a tratar en Consello de Goberno debería haber unha proposta sobre o cambio de nome, de non tela será o Consello de Goberno o que actuará.

Apróbase o inicio do expediente por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, do I Curso de especialista en Fisioterapia Termal e Balnoterapia, I Curso de experto no desenvolvemento de Aplicacións intelixentes en Internet, II Curso de especialista en Auditoría e Contabilidade, II Master en Dirección de Comunicación e Protocolo, II Master en Auditoría e Contabilidade, VI Master en Organización e Dirección Turística e IV Curso de especialista en Organización e Dirección Turística.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado disculpa a asistencia do Vicerrector de Posgrao e Formación continua e informa que hai a disposición dos membros do Consello de Goberno dun informe resumo sobre os cursos.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Emisión do informe sobre a adscrición da Escola de Turismo Welton S.L. á Universidade de Vigo.

O Vicerrector de Relacións Institucionais informa do actual procedemento para a adscrición de Centros, xa que segundo o Artigo 11 da LOU, o Consello de Goberno soamente ten que emitir un informe, previa petición do mesmo polo Consello Social. Indica que na Memoria presentada pola Escola de Turismo Weltón S.L. figura un Plano de Estudos que habería que revisar no caso de que adscrición fose adiante. Di , así mesmo, que a titulación está funcionando acollida a tutela da UNED pero que esta é temporal e o prazo está a piques de rematar, polo que tratase de facer un cambio de adscrición da UNED a Universidade de Vigo, e dada a urxencia do tema, solicita o informe favorable, ou o menos non negativo, para que o Consello Social poda levar a cabo dita adscrición.

O Rector di que esta non é unha iniciativa do Equipo de Goberno senón que se presenta aquí porque a ubicación da Escola existente e próxima a Vigo.

O profesor García Vázquez di que o plantexamento anterior parece indicar que é un problema externo á Universidade de Vigo e dado que se trata dunha iniciativa privada con ánimo de lucro, parécelle difícil que neste momento a súa adscrición sexa de interese para a propia universidade xa que se trata dunha titulación que non ten demasiado prestixio e que non lle aportaría ningún beneficio. Por outra parte sinala que a titulación de Turismo figura entre as solicitadas pola nosa universidade a Xunta de Galicia e por ela pugnan varios centros dende hai tempo, e cre que a adscrición de dita escola podería condicionar dalgún xeito a concesión da titulación oficial.

Finalmente anuncia a súa posición en contra de emitir un informe favorable.

No mesmo sentido se manifestaron os Profesores Domínguez, Cabeza, Sánchez Bello e Remesal.

O Rector propón que se busque unha fórmula que abra posibilidades de negociación para o Consello Social.

Hai de novo intervencións dos profesores Tojo, Sánchez Bello e García Vázquez nos que insiten en emitir un informe negativo.

O Rector propón facer un informe no que se sinala que cos datos actuais a Universidade de Vigo non ve conveniente esta adscripción, nembargantes no caso que exista un compromiso de integración nun prazo definido o Consello de Goberno podería volver a tratar o tema.

A proposta e ben recibida polo Consello de Goberno, que leva a cabo un breve debate sobre os termos mais apropiados para redactar o informe.

Finalmente o rector propón que sexa o Equipo de Goberno o encargado da redacción e que en calquera caso debe constar dos seguintes puntos:

- 1.- A Universidade de Vigo ten como prioridade a consecución da Titulación de Turismo cando se abra o novo mapa de titulacións.
- 2.- Cos datos enriba da mesa non se observan vantaxes para a Universidade con esta adscripción.
- 3.- No caso en que a solicitude de adscripción viñese acompañada dun compromiso de integración nun prazo definido, o Consello de Goberno volvería a tratar o tema de novo.

Acéptase esta proposta por asentimento.

Punto 7. Modificación puntual da RPT de persoal funcionario.

O Xerente informa da proposta de modificación da RPT do persoal funcionario.

Acéptase por asentimento.

Punto 8. Toma de acordo sobre os seguintes recursos :

- Recurso de alzada presentado por Dna. M^a Mercedes Álvarez Lires contra resolución do Consello de Departamento de Enxeñería Química.
- Recursos de alzada presentados por D. Antonio Pedro Cid González e Dna. María Sanjuan Roca e solicitude de anulación de D. Luís Fernández Eire, sobre acordos do Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación
- Recursos presentados por D. Antonio Maceira Gago e D. Leonardo Fuentes Blanco contra acordos do Consello de Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa que hai dous tipos de recursos:

- Os recursos contra acordos dos Departamentos de Enxeñería Química e Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación xurden debido a que nalgúns departamentos a hora de facelo POD o número de profesores existentes era superior ós necesarios segundo a carga docente, en consecuencia tiveron que propoñer a non renovación do contrato dalgún Profesor Asociado.

- O segundo tipo esta relacionado co procedemento utilizado polo Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación á hora da distribución de docencia e confección do POD para o curso 2002-2003.

Así mesmo indica que en tódolos casos solicitouse informe á asesoría xurídica que figura na documentación dos membros do Consello de Goberno.

Trátase en primeiro lugar o recurso de alzada presentado por Dona M^a Mercedes Álvarez Lires contra acordos do Departamento de Enxeñería Química.

O Rector dalle a palabra a profesora Álvarez Lires que fai unha extensa e detallada exposición dos feitos (Anexo III).

A continuación o profesor Sánchez Bermúdez, Director do Departamento de Enxeñería Química fai unha exposición detallada do procedemento seguido no Consello para chegar a proposta final de non renovación da praza ocupada pola profesora Álvarez Lires, e que figura na acta de dito Consello que está a disposición de tódolos membros do Consello de Goberno.

O profesor Tojo di que este é un tema importante que si non se resolve agora dun xeito adecuado dentro dun ano pode aparecer moitos casos máis. Di que o informe da Asesoría Xurídica non entra no fondo da cuestión e cre que o problema xurde porque o procedemento seguido polo Consello de Departamento non foi o máis adecuado. Indica que dende o equipo de Goberno debería facerse unha normativa clara sobre o procedemento a seguir nestes casos.

O Rector di que o artigo 8.3 do Regulamento de Profesorado o único que indica e que si persisten as necesidades e si hai acordo favorable do Consello de Departamento pódese renovar o contrato pero non di nada sobre criterios a seguir para a non renovación. O seu entender o que hai que ver e si o Departamento acordou a non renovación dun xeito democrático.

Establécese un debate no que interveñen varios membros do Consello de Goberno sobre os criterios utilizados polo Departamento de Enxeñería Química e si debe haber ou non uns criterios prefixados para a proposta de non renovación destes contratos polos Consellos de Departamento.

Intervén finalmente o profesor Remesal para indicar que toda resolución ten que estar motivada e que segundo o Regulamento de Profesorado e a Normativa de contratación vixentes o que hai que motivar e a renovación dun Profesor Asociado e non a non renovación, xa que estes contratos extínguense automaticamente e non hai máis motivación que esa. Por ese motivo cre que non é preciso facer uns criterios xerais para a non renovación, somentes a motivación debe ser para o que continua.

O Rector indica que máis adiante a Comisión Delegada do Consello de Goberno correspondente deberá estudar si é conveniente facer unha normativa para este tema.

O profesor Santamaría fai unha intervención que figura no Anexo IV.

Finalmente o Rector di que tódolos membros do Consello de Goberno teñen información suficiente para tomar unha decisión sobre este tema e propón unha votación nos términos seguintes:

- considerar arbitrario o acordo do Consello de Departamento e polo tanto a favor de estimar o recurso.
- Considerar non arbitrario o acordo do Consello e polo tanto a favor de desestimar o recurso.

O profesor Tojo propón que se lle solicite ó Departamento que motive o acordo.

O profesor Legido di que os términos de votación debe ser exclusivamente de si se acepta ou non o recurso.

Faise unha votación neses términos co seguinte resultado:

| | |
|--|----|
| Votos a favor de non aceptar o recurso | 18 |
| Votos a favor de aceptar o recurso | 11 |
| Abstencións | 11 |

Desestímase o recurso.

A continuación pásase a tratalos recursos contra o Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado sinala que este Departamento tivo unha forte baixa de docencia o que implicou a non renovación de tres profesores asociados e o Consello de Departamento fixo unha proposta de non renovación segundo uns criterios que figura na documentación presentada.

Intervén en primeiro lugar a profesora Sanjuán, Roca e fai un relato dos feitos no que manifesta non estar de acordo co procedemento seguido polo Consello de Departamento e pide que se revise dito acordo e polo tanto a non renovación do seu contrato.

O profesor Fernández Eire subscribe o dito pola súa compañeira .

O Director do Departamento intervén para dicir que enviou toda a documentación solicitada pola Secretaria Xeral e que non ten mais que engadir xa que todo o procedemento figura en dita documentación.

O profesor Tojo di que este caso non e exactamente igual o anterior xa que aquí si houbo uns criterios sobre os que pide algunha aclaración o que lle contesta o Director de Departamento.

O Rector propón a seguinte votación:

| | |
|--|----|
| Votos a favor de non aceptar os recursos | 35 |
| Votos a favor de aceptar os recursos | 0 |
| Abstencións | 7 |

Desestímase os recursos.

Finalmente procédese a tratar o segundo tipo de recursos presentados contra o Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesora informa de que os recurrentes argumentan que non se respectou o Regulamento de Réxime Interno do Departamento á hora de facer a distribución da docencia no que fai relación os criterios de prelación de corpos, antigüidade e idade e indica que o informe de Asesoría Xurídica propon dúas posibilidades para resolver o tema:

- que o Consello de Goberno acorde retrotraer o procedemento ó momento no que o vicio se cometeu, para que polo Consello de Departamento se proceda a tomar un novo acordo conforme coa legalidade vixente.
- Que o Consello de Goberno, á hora de aprobar o POD, adecúe a proposta do Consello de Departamento á normativa antes expostas, dado que as competencias na materia son concorrentes, por tratarse dun acto complexo, como xa dixemos anteriormente, e en beneficio da economía procesal.

O profesor Fuentes Blanco remítese á documentación que teñen os membros do Consello de Goberno e alega que o Departamento vulnerou claramente o seu Regulamento de Réxime Interno.

Despois de varias intervencións do profesor Gude e de novo o profesor Fuentes, o Rector propón unha votación nos términos seguintes:

Votos a favor de aceptar os recursos segundo a 1º posibilidade proposta no informe de Asesoría Xurídica 43

Votos en contra de aceptar os recursos 1

Abstencións 3

Acéptase estimar os recursos.

Punto 9. Aprobación, se procede, do Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidade Pedagóxica e Tecnolóxica de Colombia.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Realización das seguintes eleccións: Elección das Comisións delegadas estables do Consello de Goberno, Elección de membros do Consello Social Elección da Comisión de Reclamacións

A Secretaria Xeral aclara en primeiro lugar a omisión por erro do Vicerrector de Planificación e Desenvolvemento do Campus de Ourense como membro nato da comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes.

- Elección das Comisións delegadas estables do Consello de Goberno

No sector PDI o profesor Barreiro decántase pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos e retira a súa candidatura as outras tres. O profesor Legido Soto retira a súa candidatura da Comisión de Planificación e Asuntos Económicos polo tanto non é necesario facer eleccións neste Sector.

No sector PAS o Señor Pajares de decántase pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos e a Señora Iglesias Galán pola de Investigación, non sendo necesario facer eleccións neste sector e quedando un posto vacante na comisión de Organización Académica e

Profesorado e outro na Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes para elixir no próximo Consello de Goberno.

No sector estudantes non é necesario facer eleccións xa que en ningún caso hai máis candidatos que postos a cubrir. Quedan dous postos vacantes na Comisión de Investigación e un na Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes.

Os representantes do Consello Social decántase polas seguintes comisións: Don Amador Vázquez Vázquez pola Comisión de Investigación, Dona M^a Teresa Vidal Gallego pola Comisión de Organización Académica e Profesorado e Don Ernesto Baltar Feijoo pola de Planificación e Asuntos Económicos, non sendo necesario facer eleccións. Queda un posto vacante na comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes.

Pasan a formar parte das comisións delegadas de Consello de Goberno os seguintes membros:

-Comisión de Organización Académica e Profesorado

Sector PDI:

Domínguez Castro, Luis
 Durany Castrillo, José
 Membiela Iglesias, Pedro
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel.

Sector Estudiantes:

Filgueira Pérez, Ángeles
 Martínez Rodríguez, María

Representante Consello Social:

Vidal Gallego, M^a Teresa

- Comisión de Planificación e Asuntos Económicos:

Sector PDI:

Barreiro Alonso, Enrique
 Cidrás Pidre, José
 De Vicente Remesal, Javier
 García Vázquez, José M.
 Pena Giménez, Antonio

Sector Estudiantes:

Garrido Bernárdez, Rubén
 González Novas, Roberto

Sector PAS:

Pajares Domínguez, Sergio

Representante Consello Social:

Baltar Feijoo, Ernesto

- Comisión de Investigación:

Sector PDI:

Cid Fernández, Xosé Manuel
 Costas González, Xosé M.
 Sánchez Bermúdez, Anxo
 Tojo Suárez, José

Vázquez López, Ezequiel
Sector PAS:
Iglesias Galán, Hilda
Representante Consello Social:
Vázquez Vázquez, Amador.

- Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes:
Sector PDI:
Cabeza Pereiro, M^a del Carmen
Hernández Sánchez, Jesús
Martí Pellón, Daniel
Pena Rodríguez, Alberto
Sánchez Bello, Patricio
Sector Estudiantes:
García Paz, Franciso J.

- Elección de membros do Consello Social:

No sector PDI non e necesario facer eleccións xa que o número de candidatos é o mesmo que o número de postos a cubrir.

No sector PAS a Sra. Iglesias Galan renuncia a súa candidatura polo que queda como único candidato o Sr. Pajares e polo tanto non é necesario facer eleccións.

No sector estudantes figuraban en principio somentes dúas candidaturas para cubrir os dous postos, nembargantes o Sr. González Novas di que presentou a súa candidatura en tempo e forma o que se comproba ó presentar o xustificante. Por iste motivo aprázase esta elección para o próximo Consello de Goberno.

Quedan elixidos como membros do Consello Social:

Sector PDI:
Fernández Álvarez, Antón
Mazaira Castro, Andrés
Merino Gómez, Pedro
Tojo Suárez, José
Sector PAS:
Pajares Domínguez, Sergio

- Elección da Comisión de Reclamacións-

O Rector informa que hai seis candidaturas presentadas polo sector PDI e ningunha polo sector de estudantes.

Así mesmo indica que algún dos candidatos presentados polo sector PDI son membros do Consello de Goberno e que sería máis doado que dita comisión estivese composta por membros alleos o mesmo, e dado que non se pode elixir completa porque non hai candidaturas de estudantes, propón pospoñer a elección para o próximo Consello de Goberno e abrir de novo un prazo para presentación de candidaturas. De tódolos xeitos ás candidaturas presentadas

seguen sendo válidas, polo tanto as persoas que a presentaron e queiran seguir sendo candidatos non é necesario que digan nada e si algún non quere seguir deberá comunicalo.

Punto 11 .Rogos e preguntas.

O profesor Durany pregunta polos criterios que vai a seguir a universidade para a solicitude de prazas de plantilla e cando se poden pedir agora que xa se publicou o Decreto de Habilitación.

O Rector di que xa se poden empezar a pedir en setembro, que de entrada non cambiou nada e os criterios son os mesmos que había.

O Sr. Baltar pide se faga un regulamento o normativa de contratación de profesorado.

O Rector di que esa xa a hai e que o que se falou neste Consello foi dunha Normativa de non renovación de prazas de Profesor Asociado.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:45 horas do día 17 de setembro de 2002 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe